

NOTA DE PRENSA

Os balnearios e talasos galegos presentan en París as súas ofertas para os termalistas franceses

A Asociación de Balnearios de Galicia participa estes días en Thermalies, a feira do sector que se celebra cada ano en Francia

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016 (Vía Láctea Comunicación).- A Asociación de Balnearios de Galicia está a participar estes días en Thermalies, a feira internacional de termalismo que cada ano se celebra en Francia. O salón estase a desenvolver en París, dende o 21 ata o 24 deste mes. Durante o evento diversos balnearios e talasos galegos están a presentar as súas ofertas especiais dirixidas aos termalistas franceses.

Nesta iniciativa participan, da provincia de Lugo, o Balneario de Guitiriz. A provincia de Ourense está representada polos balnearios de Arnoia, Laias (situado na localidade de Cenlle) e Lobios. Da provincia de Pontevedra está o balneario Termas de Cuntis. E, dado que nesta experiencia cóntase coa colaboración da Agrupación Empresarial Innovadora Termal de Galicia -AEITEGAL-, tamén está a mostrar as súas propostas nesta feira o Talaso Atlántico, situado no concello pontevedrés de Oia.

Os balnearios e talasos galegos integrados nesta iniciativa propoñen aos turistas franceses gozar dos encantos e da gastronomía de Galicia a través dos establecementos termais. Nesta liña, ofrecen programas de 5 días e 4 noites, a prezos que se sitúan nos 530 euros de media para unha persoa e nos 870 € para dúas persoas. E, por outro lado, suxiren estadias de 10 días e 9 noites a un prezo medio duns 1.200 € para unha persoa e de 1.950 € para dúas persoas. Todas as ofertas inclúen un completo programa termal.

Posibilidade de realizar proxectos conxuntos co sector termal europeo

Tal como resalta o xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Benigno Amor**, ao longo destes días numeroso público está a acudir ao stand da Axencia Turismo de Galicia para interesarse pola oferta termal da comunidade. E manifesta a relevancia desta feira de cara a establecer encontros con representantes de balnearios, non só franceses, senón tamén doutros puntos de Europa, co fin de poder desenvolver proxectos conxuntos.

Segundo resalta **Benigno Amor**, apoiado polos datos dun estudo realizado por Turespaña, “no relativo á oferta de turismo de saúde por comunidades autónomas, Galicia ocupa o primeiro posto en canto a instalacións balnearias e o quinto lugar en centros de talasoterapia”.

PRENSA_ 981 554 407 _ 639 768 929 _ www.vialactea.es

Asociación de Balnearios de Galicia _ www.balneariosdegalicia.gal